

PROGRAMA BECAS “REORIENTAMOS”

ANUNCIO

Pola presente faise saber que o 18/02/2014 o Alcalde-Presidente ditou a seguinte Resolución de Alcaldía:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 159/2015:

Logo de ver o proxecto para a concesión de becas “ReOrientamos” e ficha de valoración para a selección dos candidatos para a súa participación como beneficiario do proxecto posto en marcha polos Departamento de Servizos Sociais, Oficina EmpregoOroso e Aula de Formación EducaOroso do Concello de Oroso.

No uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1 s) da lei 7/85, de Bases de Réxime Local, con esta data

RESOLVO:

PRIMEIRO: Logo de ver os requisitos participar nos Itinerarios Personalizados ReOrientamos, acórdase puntuar atendendo aos seguintes requisitos:

- *Formación académica, ata un máximo de 1.5 puntos.*
- *Formación complementaria (últimos 5 anos) , ata un máximo de 1.5 puntos.*
- *Coherencia na formación, ata un máximo de 1 punto.*
- *Experiencia profesional, ata un máximo de 1.5 puntos.*
- *Duración da situación de desemprego, ata un máximo de 1.5 puntos.*

(A puntuación máxima atendendo aos requisitos mínimos de participación no proxecto será de 7 puntos)

SEGUNDO: Logo de ver o apartado “datos aportados mediante a valoración e interese no proxecto”, acórdase puntuar atendendo aos seguintes requisitos:

- *Valoración das capacidades, habilidades, actitudes e motivación, ata un máximo de 5.5 puntos atendendo aos seguintes aspectos: interese na actividade, coñecemento do sector, habilidades para o desenrolo da actividade, ...*
- *Valoración de outra información de interese, ata un máximo de 1.5 puntos atendendo aso seguintes aspectos: horarios preferidos, tipoloxía de contratos, impedimentos para o desempeño da actividade, dispoñibilidade, ...*

(A puntuación máxima atendendo aos datos aportados mediante a valoración e interese proxecto será de 8 puntos)

TERCEIRO: Procédase á súa publicación no taboleiro de anuncios e na web do concello por prazo de 10 días naturais para que calquera interesado poida facer as alegacións que estime oportunas.

Oroso, 18 de febreiro de 2015

O alcalde,
Manuel Mirás Franqueira

*Ante min
o secretario
Federico Suárez Cancelo. "*

Oroso, 23 de febreiro de 2015
O alcalde

Manuel Mirás Franqueira

